

Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO****Persoal, oposicións**

*PROVISIÓN TEMPORAL EXTRAORDINARIA URXENTE EN COMISIÓN DE SERVICIOS
NOS POSTOS DE TRABALLO VACANTES DE ARQUITECTO (A1) E ARQUITECTO
TÉCNICO (A2)*

Expediente 19179/407

Asunto: Provisión temporal, extraordinaria e urxente en comisión de servizos aberta a outras administración públicas nos postos de traballo vacantes de Arquitecto (A1) e Arquitecto Técnico (A2).

ANUNCIO

A concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, con data 03 de xullo de 2026, adoptou a seguinte resolveu:

Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos aberta a outras administracións públicas, do posto de Arquitecto (A1) e Arquitecto Técnico (A2), cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 4 de 08.01.2026):

1) Arquitecto do Servizo de Licenzas, cos seguintes elementos:

- Código: 421.03.
- Denominación: Arquitecta/o (posto non singularizado).
- Complemento de destino: 26.
- Complemento específico: 22.219,43 euros/ano.
- Grupo, escala, subescala: A1, Administración Especial, Arquitecto/a ou cumprimento do preceptuado polo artigo 96.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Titulación requirida: título de arquitecto/a con máster universitario de arquitecto/a ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a, nivel 3 do MECES ou titulacións esixidas no artigo 169.2a do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- A efectos desta comisión de servizos: Achegarase o currículo profesional.
- Duración máxima da comisión de servizos: Un ano, prorrogable por un ano máis.



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

2) Arquitecto técnico do Servizo de Licenzas, cos seguintes elementos

- Código: 421.08.
- Denominación: Arquitecta/o técnico/a (posto non singularizado).
- Complemento de destino: 26.
- Complemento específico: 22.219,43 euros/ano.
- Grupo, escala, subescala: A2, Administración Especial, Arquitecto/a ou cumprimento do preceptuado polo artigo 96.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Titulación requirida: título de de arquitecto técnico/a, grao universitario de arquitecto técnico/a ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico/a ou titulacións esixidas no artigo 169.2a do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- A efectos desta comisión de servizos: Achegarase o currículo profesional.
- Duración máxima da comisión de servizos: Un ano, prorrogable por un ano máis.

Segundo.- Establecer que as solicitudes se dirixirán á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, competente de conformidade co artigo 5.1.k) dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (texto íntegro publicado no BOP de 6 de outubro de 2010), e na delegación do Presidente de data 4 de xullo de 2023 (publicada no BOP de 14.07.2023) e se presentarán de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

As persoas aspirantes deberán posuír a condición de funcionario/a de carreira de calquera Administración Pública, e reunir os requisitos establecidos para o desempeño dos postos de traballo convocados, nos termos da normativa vixente e segundo a RPT da Xerencia Municipal de Urbanismo, ademais na súa condición de persoal funcionario, deberán presentar a súa solicitude de conformidade co disposto no artigo 14.2 LPAC, por medios electrónicos, na sede electrónica do Concello de Vigo, durante un prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio co extracto da convocatoria publicada no BOPPO, data que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

A solicitude conterá, cando menos, os datos persoais do aspirante, dirección, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico. A acreditación da identidade, será consonte ao disposto no art. 28 da Lei 39/2015, (LPACAP). O persoal ao servizo do Concello de Vigo non terá que presentar a documentación que obre en poder do Concello (artigo 53 LPAC). E deberán acompañarse, ademais dos requisitos exixidos na presente convocatoria, da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Administración de procedencia acreditativa de que o aspirante en cuestión é funcionario de carreira e que reúne os requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo, así como a pertenza ao Corpo, escala e subgrupo



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

de titulación ao cal se opta, nos termos da normativa vixente e segundo a RPT de esta Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

- Copia auténtica da titulación académica oficial requirida para o desempeño temporal do posto ao cal se opta.
- Informe favorable da Administración de orixe co compromiso de autorización da comisión de servizos do empregado/a público/a.
- Currículum Vitae que conteña a relación individualizada de méritos, formación e traxectoria profesional que se alegan, aportando copias da documentación acreditativa que se aporta e relación ordenada dos méritos, formación e traxectoria profesional alegados.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidade Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondentes.
- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo, e da veracidade da documentación presentada.

Transcorrido o prazo de presentación das solicitudes, non se admitirá mais xustificación de méritos.

Terceiro.- Dispoñer que unha vez recibidas e verificadas as solicitudes, emitirase informe motivado e proposta de elección das persoas participantes, indicando os fundamentos que xustifiquen a elección dos/das aspirantes, respecto aos/ás demais participantes, todo en base a criterios obxectivos e de idoneidade, antigüidade, nivel de coñecemento do posto, experiencia e formación relacionados co posto.

No suposto de empate acudirase ao criterio de antigüidade na Administración, salvo que exista desequilibrio ou infrarrepresentación do sexo feminino. Entendéndose, para estes efectos, cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes. No suposto de infrarrepresentación será este o criterio de desempate. Os cursos sobre linguaxe non sesista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta de forma transversal consonte ao disposto no I Plan de Igualdade do Concello de Vigo.

Cuarto.- A resolución da comisión de servizos quedará condicionada á remisión pola Administración de orixe de informe favorable. Unha vez recibido o informe e resolta a convocatoria, a toma de posesión do aspirante idóneo deberá producirse no prazo de tres días hábiles, dende a notificación do acordo no suposto de que a comisión non implique cambio de residencia do funcionario público designado/a; se implica cambio de residencia, o prazo será de oito días.



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

Quinto.- A duración da comisión de servizos será a estritamente necesaria para cubrir durante o período transitorio que transcorra ata a convocatoria da provisión definitiva dos postos vacantes obxecto da convocatoria, conforme aos informes emitidos no expediente, e en todo caso coa duración máxima de un ano prorrogable por outro, nos termos da normativa de vixente aplicación.

Sexto.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na web municipal (ofertas de emprego), dispoñendo que os funcionarios en propiedade interesados presenten a súa solicitude no prazo de cinco días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, sendo a data do anuncio no BOPPO a que servirá de cómputo do prazo de presentación de instancias.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

María José Caride Estévez, Concelleira Delegada da A.G. de Urbanismo e Vivenda

